

Boas prácticas para unha correcta xestión de residuos

■ Separar os residuos perigosos dos non perigosos e segregar os primeiros en función das súas características e posibilidades de xestión.


■ Dispoñer de contedores e recipientes axeitados e suficientes para cada tipo de residuo.

■ Contactar coas concesionarias dos servizos de xestión de residuos para resolver calquera tipo de necesidade especial.



Sabías que...?

No desenvolvemento das políticas e da lexislación en materia de prevención e xestión de residuos, aplícase a denominada **xerarquía de residuos** para conseguir o mellor resultado ambiental posible.



Converter os residuos en novos recursos é a mellor práctica para avanzar **cara a un polígono sustentable**. A través dun modelo de xestión eficiente que responda a criterios de **economía circular**, buscamos pechar o ciclo de vida dos nosos residuos tanto a través da reutilización e do reciclado como reducindo o depósito en vertedoiro.

A nosa propia responsabilidade ambiental pode cambiar a percepción xeneralizada que ve aos polígonos industriais como infraestruturas urbanas cun importante impacto na contorna.

“ Neste cambio de mentalidade reside o noso compromiso coa sustentabilidade. ”

Comunidade de Propietarios do Polígono de Carballo

Rúa do Cobre, Parcela A
15105 Carballo (A Coruña)

981 701 090 / info@poligonodecarballo.com
www.poligonodecarballo.com



Polígono de Carballo

Avanzando cara á sustentabilidade

A xestión de residuos na nosa área empresarial

A xeración de residuos é un dos impactos máis destacados da actividade empresarial sobre o medio ambiente. **Encarar o futuro de xeito sostible** fai esencial que o tecido produtivo realice unha **xestión eficiente dos seus residuos** comezando pola súa correcta separación e clasificación.



A correcta xestión e aproveitamento dos residuos é o único camiño para a sustentabilidade.



Para ser quen de levar a cabo unha correcta xestión dos **residuos xerados no noso polígono**, resulta fundamental diferenciar entre os residuos sólidos urbanos (RSU) e os derivados de actividades propiamente industriais.

Os RSU proceden de:

- Limpeza das vías públicas, zonas verdes ou áreas recreativas.
- Obras menores.
- Servizos comúns, comercios e oficinas.



A Lei 22/2011 de Residuos e Chans Contaminados, define os "residuos industriais" como aqueles residuos resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade empresarial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, do 15 de novembro.



Convencidos da importancia da responsabilidade ambiental para avanzar cara a un polígono sostible, o noso parque empresarial conta con diferentes **servizos de xestión de residuos** a disposición das empresas:



Residuos Sólidos Urbanos (RSU).

O servizo inclúe a recollida dos residuos convencionais xerados nas instalacións das empresas do polígono sempre que non teñan a clasificación de residuos industriais.

  Martes e venres desde as **6:00h**
Máis info UTE Carballo: **981 754 917**

Cartón e plástico, porta a porta.


Todas as empresas que integran a Comunidade de Propietarios do Polígono de Carballo teñen á súa disposición este servizo de recollida nas súas propias instalacións.

  Luns desde as **10:00h** e xoves desde as **15:00h**
Máis info Comunidade de Propietarios: **981 701 090**



Punto limpo: residuos voluminosos e perigosos.

No punto limpo pódense depositar residuos voluminosos do fogar como os electrodomésticos, residuos perigosos e todo tipo de desperdicios, sobre todo os considerados especiais, agás a materia orgánica.

  Xoves e sábado de **10:00h a 13:00h**
e de **16:00h a 19:00h**

Rúa Estaño, Parcela G3
Máis info UTE Carballo: **981 754 917**

